




**UNIVERSIDADE DE  
SANTIAGO DE COMPOSTELA**



**Servicio de Alumnado**  
Pavillón Estudiantil  
Campus universitario sur  
Santiago de Compostela (España)

Os Reais Decretos polos que se establecen as directrices xerais propias dos planos de estudio dos títulos de Licenciado en Filoloxía inclúen entre as materias troncais que deben realizar os alumnos unha **“Segunda Lingua e a súa Literatura”** co seguinte descritor:

*“Formación básica na descrición e evolución dunha segunda lingua elixida polo alumno entre as establecidas pola Universidade no plano de estudos. Estudio histórico e filolóxico das principais etapas, movementos, autores e obras da súa literatura”.*

Do que se desprende que esta materia troncal *Segunda Lingua e a súa Literatura*, non ten porque coincidir nos diferentes planos de estudio impartidos polas distintas universidades, pois esta oferta pode variar nos diferentes planos de estudio.

O Anexo I do RD 1497/1987 de 27 de novembro polo que se establecen as directrices xerais comúns dos planos de estudio indica que **entre estudos conducentes a un mesmo título oficial:**

*“Procederáse á adaptación de:*

*b) As materias troncais totalmente superadas no centro de procedencia”*

Polo tanto en concordancia co establecido no decreto de directrices propias dos títulos de Licenciado en Filoloxía, a materia troncal correspondente á *Segunda Lingua e a súa Literatura* non ten porque coincidir na Lingua para ser adaptada entre diferentes planos de estudio.

Co obxecto de unificar a actuación dos diferentes órganos, e logo da consulta ó Consello de Universidades, díctase a seguinte

## **INSTRUCCIÓN:**

**ÚNICO.-** A Universidade de Santiago de Compostela adaptará a materia troncal *Segunda Lingua e a súa Literatura* co mesmo nome e número de créditos que tiña do centro de procedencia, ó considerar que o estudante ten a a materia troncal *Segunda Lingua e a súa Literatura* totalmente superada.

Santiago de Compostela, 22 de maio de 2002  
**O VICERRECTOR DE ORDENACIÓN ACADÉMICA  
E TITULACIÓNS**

(P.D.r.r do 1 de febreiro de 2000)

  
Celso Rodríguez Fernández

SR. SECRETARIO XERAL - SR. VICERRECTOR DE ORDENACIÓN ACADÉMICA E TITULACIÓNS - SRA. DECANA DA FACULTADE DE FILOLOXÍA - DR. DECANO DA FACULTADE DE HUMANIDADES - SRA. XEFE DO SERVICIO DE ALUMNADO - SR. XEFE DOS SERVICIOS INFORMÁTICOS - SR. DIRECTOR DO C.O.I.E. - SR. XEFE DO SERVICIO DA ASESORÍA XURÍDICA - SR. XEFE DA UNIDADE DE XESTIÓN ACADÉMICA DO CAMPUS NORTE - SR/A XEFE DA UNIDADE DE XESTIÓN ACADÉMICA DO CAMPUS DE LUGO.